

# Josefa Vázquez Juncal

(19-3-1889//16-8-1975)

Josefa Vázquez Juncal, a señora Pepa, como era coñecida en Salcedo, era o eixe vertebrador dunha das familias pontevedresas que máis sufriu a represión desatada tras o golpe de Estado de 1936: A familia Dios Vázquez, propietaria da factoría *Ferreiro do Pino*. Á señora Pepa matáronlle o maior dos seus once fillos, Edelmiro, e despois leváronlle preso o home, Antonio Dios Gómez, e dúas fillas, Tucha (Esclavitud) e Fina (Serafina), que foron rapadas e ás que lles impediron exercer a súa profesión de mestras. Elas pasaron dous meses no cárcere e Antonio cinco. Para conseguir a liberación, a familia tivo que pagar tres cuantiosas multas, e tamén o irmán maior de Josefa, Edelmiro Vázquez, foi obrigado a depurar as súas “responsabilidades políticas” a golpe de talonario.

Edelmiro Vázquez era o responsable da fábrica, asentada na parroquia de Salcedo. O seu afillado Edelmiro, -ou Milucho, como lle chamaban na familia ao maior dos fillos de Josefa-, traballaba con el e de feito, con 18 anos, xa era o



secretario da directiva dos metalúrxicos pontevedreses. Mais, desde ben novo, e a pesar da súa pertenza á familia do patrón, Milucho implicouse en organizacións sindicais e agrupacións políticas de esquerdas, provocando unha imaxe que se repite constantemente na memoria colectiva á hora de falar da II República en Pontevedra: a de patróns e obreiros da Ferraría baixando xuntos desde O Pino nas manifestacións do 1 de maio. Ningún dos seus irmáns militaba politicamente pero simpatizaban coa esquerda, contaxiados da ilusión do maior dos once fillos de Josefa.

A implicación de Milucho coa esquerda converteuno axiña en obxectivo dos fascistas. As primeiras consecuencias do seu compromiso político chegaron en 1934. Foi detido despois dos sucesos de outubro e permaneceu en prisión ata o 30 de novembro. Daquela tiña 26 anos e era o presidente das Xuventudes Socialistas de Pontevedra.

“Tiñanos a el e a outros compañeiros de Pontevedra, Vilagarcía e Arcade en Marín, no *Minerva*, nun barco grande para abastecer outros barcos. Os xoves e os domingos íamos visitalo nunha lancha da Escola Naval. No barco facía un frío tremendo”.

*Antonio Dios Vázquez, fillo de Josefa*

A lancha que os levaba ao *Minerva* era capitaneada por un mariñeiro de Vilaboa, Faustino García Puga, con quen a familia Dios Vázquez forxou unha boa amizade. Dous anos despois prodúcese o golpe militar e Milucho, que daquela ademais de ser vicesecretario do PSOE era o responsable do Agit-prop (actividades de axitación e propaganda) do Socorro Rojo Internacional, vese obrigado a fuxir. O mariñeiro proponlle que se agoche con el na casa do seu avó, na parroquia de Paredes, e faino, pero son delatados e marchan a Santa Cristina de Cobres, onde os deteñen na noite do 3 ao 4 de setembro. A Milucho lévano ao cuartel dos cívicos mentres que a Faustino García danlle unha malleira e abandónano nas portas do Hospital. A irmá da súa muller estaba casada cun falanxista e logran salvarlle a vida. Os Dios intentárono con Milucho pero non tiveron sorte:

“O meu tío Edelmiro ía todos os días a Pontevedra ás once. El dicía que era para ir a Correos pero ía tomar unha *chiquita*. Cando colleron a Milucho estábao esperando un rapaz que lle dixo: ‘Edelmiro, colleron a Milucho e está no cuartel da Garda Civil’. El foi enseguida á casa, buscar o meu pai, e marcharon para o cuartel da Garda Civil”.

*Antonio Dios Vázquez, fillo de Josefa*

Antonio Dios, que tiña un pai garda civil, foi pedir polo seu fillo ao xefe da Garda Civil en Pontevedra:



“O garda díxolle: ‘*hay que enseñarle educación a los hijos*’, e o meu pai contestoulle: ‘O meu fillo ten máis educación que vostede’. Ao día seguinte, á mañá, volveu esperar polo padriño ese mesmo rapaz e díxolle: ‘A Milucho matárono e está enterrado en Bora’. Díxollo ese mesmo rapaz, que era un dos que andaban a matar de noite. Dábase a circunstancia de que o meu pai e o padriño tiñan un grupo que andaba a xogar ás cartas e este rapaz ía pola *farra* de despois das partidas e coñecíanse diso”.

*Antonio Dios Vázquez, fillo de Josefa*

A señora Pepa foi incapaz de ir ver o seu fillo ao cuartel. Na súa última noite encargoulle a cea no bar *Calixto* e as súas fillas maiores botaron a sortes quen sufría a tristura de levarlla. Tocoulle a Fina, que entón tiña 21 anos:

“Non quería ir ninguén porque eles sabían que o mataban. Cando chegou alí atopouno moído a paus. Xa me dirás... que trago!. Estivo con el o tempo que a deixaron quedar. El non sabía que o ían matar e díxolle que seguiran coa loita, que non se preocuparan que el tan pronto como saíra do cárcere seguiría. Animábaa e pedíalle que lle dixera á súa nai que o perdoara... e ela díciolle o contrario do que era: que estaban tranquilos, que sabían que non lle ía pasar nada, que a nai estaba ben porque sabía que ía saír. Cando ela marchou da cela, estaba tan mal que empezou a patadas co garda. Púxose histérica e empezou a patadas e a puñadas co garda, dálle que te pego. E o garda en lugar de atacala, serenouna. Ela decía despois que non sabe como non lle pegou un culatazo co fusil e deixouna no sitio... pero o garda, que igual non pensaba como os que mandaban, deulle un vaso de auga e intentou calmala”.

*Mena Rey, filla de Fina Dios*

As irmás agardaban por Fina fóra e levárona á casa. Quedou tan afectada que situaba nese episodio a orixe dun insomnio que a acompañaría o resto da súa vida, quedando o seu carácter marcado para sempre:

“Era súper nerviosa e ninguén lle tratou nunca ese trauma. Xa non un psicólogo, era o non poder falar con ninguén. Impúxose a lei do silencio. Quedaron aterradas para sempre”.

*Mena Rey, filla de Fina Dios*

A Milucho matárono na madrugada do 6 de setembro. Desde que fuxira a Paredes non volvera pisar a súa casa. Edelmiro foi dicirllo a súa irmá. Foi unha das poucas veces que viron desolada unha muller pouco dada ás lamentacións. Tivera once fillos sans, ningún aborto naquel tempo de fame e miseria, e este era o primeiro que lle faltaba. As súas netas din que non falaba moito do tema pero non obstante quedoulle entullado para sempre:

“Acordábase moito, choraba comigo moitas veces. Tiña na mente esa historia e díciame que non se lle ía da cabeza”.

*Antonio Dios Vázquez, fillo de Josefa*



Cando soubo que lle mataran o fillo, a señora Pepa abrazouse ao seu home na escaleira e choraron xuntos. Logo puxo un vestido negro e atouno cunha corda, converténdoo en hábito de Santa Rita. Nunca máis vestiu outra cousa. Esa noite, o seu home meteuse na cama co cabelo negro e cando se levantou, tíñao completamente branco:

“Son esas cousas que cres que non existen pero... completamente branco que non é dicir unha cana. Díxolle o médico que tivo sorte que lle pasara iso e non lle dera un derrame cerebral da presión”.

*Mena Rey, filla de Fina Dios*

A memoria oral gardou que os asasinados obrigaron a Milucho a cavar a foxa antes de matalo e pasaron anos ata que a súa familia puido sacar os restos do cemiterio de Bora:

“Pasou o tempo e un día as miñas irmás dixéronme: ‘Imos a Bora un domingo a mirar se o atopamos?’ E fomos. Andamos a dar voltas sen dicir nada a ninguén. Non encontramos nada. Fomos outro e outro (...) Sempre había persoas maiores pero un día veu unha chica, tería vinte anos ou vinte e algo, e díxonos:

-Sodes do Pino?

-Somos.

-Pois vinde comigo.

Levounos a unha zona do cemiterio e díxonos:

-Aquí está o voso irmán porque esta pedra craveina eu o día que o enterraron e aquí está”.

*Antonio Dios Vázquez, fillo de Josefa*

Conta a familia que a rapaza estaba alí cando levaron a Milucho e marcou o sitio coa pedra. Logo, como saíu na prensa que o colleran, soubo que era o rapaz do *Ferreiro do Pino* e puido dicirllo á familia. De non ser por ela nunca saberían en que parte de Bora estaban os restos. A señora Pepa fixo todo o que estaba na súa man para recuperalos:

“A miña nai tiña unha tenda de costura e tiña unhas rapazas que ían aprender a coser (...) Había unha muller, chamábase Berta, que sempre que ía dar unha volta pasaba pola da miña nai.

-Pepa, podía vir algunha tarde con vostede, fágolle compañía e falamos un pouco?

-Cando queiras.

O caso é que veu de gobernador civil un cuñado dela. O marido era xefe de Montes ou algo así e unha irmá do xefe de Montes estaba casada co Gobernador Civil, así que a miña nai díxolle a Berta se non podería pedirlle permiso para



levantar as cinzas do seu fillo. Ela díxolle que falaría con el... Foron e díxolle que tiña que falar co xefe de Sanidade, que era amigo del... 'Podedes levantar cando queirades'. E fomos”.

*Antonio Dios Vázquez, fillo de Josefa*

Para o traslado foron Toñito, Tucha, Fina, o seu pai e o señor Sebastián Álvarez, que era o veciño que traballaba no concello de porteiro. Recollérono todo e a Toñito tocoulle recoller o cranio, que tiña un tiro na tempa e outro na caluga. As balas fascistas que despois lles obrigarían a fabricar no *Ferreiro do Pino* acabaron coa vida de Milucho.

Foi enterrado no panteón familiar de Salcedo.

Ata que o atoparon en Santo Adrián de Cobres, os fascistas fixeron continuos rexistros na casa. O can da familia, Leal, alertaba con ladridos da súa chegada e por iso, nunha desas visitas, os cívicos craváronlle unha baioneta entre orella e orella. No medio de todo o terror vivido, na familia sempre lembraron con moita tristura esa morte cruel. Nun deses rexistros os cívicos baleiraron tamén a biblioteca de Milucho, deixando os andeis sen libros:

“Os cívicos viñan todas as noites. Pasabamos unhas noites!!! Tiñamos un can, Leal chamábase, e sabiamos que viñan porque el arrimábase á porta e empezaba a chorar e a chorar. Acabaron matándoo, porque avisaba de que viña xente. Facían rexistros e levaron todo canto lles deu a gana”.

*Antonio Dios Vázquez, fillo de Josefa*

Cando o asasinaron, Milucho tiña unha moza, Lola Lages. Nunca volveu casar e, ao pouco de perdelo a el, morreu do pulmón. Vivía en Salcedo, separada só por un muro de Estrella Portela, outra das veciñas de Salcedo ás que a barbarie non deixou sequera ser viúva, pois matáronlle o home antes de casar. O de Estrella era Faustino Gama Casalderrey, fusilado o 28 de decembro de 1936. Entregarase pouco despois de que a súa moza fora detida, rapada e tatuada no intento de que desvelase o seu paradoiro.

Ningunha das dúas volveu casar e as dúas morreron ao pouco de enfermidades do pulmón, segundo os médicos; de mágoa para as familias. O irmán de Lola, Domingo Lages Esperón, era do PC e tamén sufriu as consecuencias da represión fascista:

“O meu pai tamén andou amolado cando foi da guerra. Levárono preso a Barcelos, ao cuartel da Garda Civil, e logo viñeron a cabalo onde a miña nai. Andabamos a vendimar. Dixéronlle que ou lles daba cartos ou matábano. A miña nai foillos pedir á señora María, a Mediana, e pagou para que non mataran o meu pai (...) Salvouse grazas ao cura de Tomeza e ao señor García que eran de dereitas e salvárono porque eran veciños e tiñanlle cariño”.

*Carmen Lages Souto, sobriña de Lola Lages*



A súa irmá Lola non tivo tanta sorte e morreu ao pouco de rematar a guerra:

“Lola era modista e debía ter 22-23 anos, porque era a máis nova dos irmáns, que eran cinco: Juan, Domingo, Hermos, Benita e Lola. Está enterrada en Salcedo. Cando foi da guerra eu tiña dez anos e aínda lembro a Edelmiro ir á casa dela. Era un mozo alto, bastante guapo”.

*Carmen Lages Souto, sobriña de Lola Lages*

A presión sobre a familia Dios non rematou co asasinato do primoxénito. Un mes despois volveron á casa e levaron o pai e dúas das irmás: Tucha e Fina. Preguntaron tamén por Toñito, que daquela tiña vinte anos e fora algunha que outra vez con Milucho a Santa María, á Casa do Pobo, pero como non estaba, que a señora Pepa o tiña por precaución afastado da casa, levaron o pai e as súas irmás maiores.

Xa na casa dixeron que Tucha e Fina tiñan que ir con eles porque lles ían rapar o pelo. A señora Pepa pediu que a deixaran un momento a soas coas fillas, levou-nas a outra habitación e ela mesma cortoulles a trenza, que lles chegaba ás costas. Cando saíron, os gardas dixéronlle que era unha parvada facelo, que igual as ían rapar eles pero Josefa contestou que precisamente por iso o facía, para que non lle quedaran eles co pelo.

Rapáronas no cuartel do Campo da Feira e logo leváronas co pai ao cárcere da actual Audiencia. Ás irmás metéronas nunha cela e a Antonio noutra que estaba preto. Elas vían pasar a bandexa coa comida que lle levaban ao pai e cando regresaba baleira sabían que estaba vivo.

“Pasárono horriblemente mal. Non sabían se chegarían a mañá ou cando sairían (...) Que medo pensar día a día se será o último. Quedaron en *shock*. Cando chegaron á súa casa tampouco durmían pensando que volveran ir. Seguiron sendo amigas toda a vida de mulleres que estiveran con elas na cela, como as Corseteiras... amigas toda a vida. Nós soubemos co tempo de onde viña aquela amizade. Dicían que no cárcere foran como unha familia”.

*Mena Rey, filla de Fina Dios*

Fina e Tucha coincidiron na prisión coas irmás María, Aurora e Nicereta Martínez Fernández, as Corseteiras, con Isolina Méndez, a segunda muller de Celestino Poza Pastrana, ou coa compañeira de García Filgueira, Emma Mourón, que tiña con ela o seu bebé, Carlos, ao que coidaron sempre entre todas. Os gardas levábanlle cada día auga limpa para bañar o neno e as presas aproveitaban logo esa auga para asearse elas. Aínda así, Nita Dios, que no momento do golpe tiña 18 anos, lembrou sempre as penurias que tivo que pasar para quitar a morriña e os piollos da roupa das súas irmás.

Fina e Tucha estiveron no cárcere dous meses e o seu pai cinco. Para deixalos en liberdade pediron cuantiosas multas e Antonio non quería que lle pagaran aos



fascistas nin un duro por el. Ata que enfermou e decidiron que había que sacalo. Nese tempo, Toñito tivo que incorporarse ao servizo militar e un día tocoulle facer a garda no cárcere no que aínda seguía preso o seu pai:

“Eu poucas gardas fixen porque estaba no taller de obreiro, pero aquel día si, aínda que ás once fóronme relevar. O do taller foi xunto ao coronel e díxolle se non me podía quitar de alí porque tiñamos moito traballo e levoume”.

*Antonio Dios Vázquez, fillo de Josefa*

A imposición de multas para liberar Antonio e as dúas fillas non foi a única extorsión económica que padeceu a familia. Tamén detiveron a Edelmiro Vázquez e tamén tivo que pagar unha importante cantidade de cartos para non quedar preso. O seu sobriño Antonio lembra que eran preto de 30.000 pesetas, cantidade moi alta naqueles tempos. Edelmiro fora presidente da Sociedade Agraria de Salcedo e a memoria oral recolle que fora a súa irmá, a señora Pepa, a que lle tecera á Sociedade a bandeira, sobre un deseño atribuído a Castelao. Tras o golpe, a emblemática insignia sería agochada nunha casa da parroquia, onde permaneceu durante 64 anos ata que no ano 2000 foi entregada ao Concello de Pontevedra e depositada no arquivo municipal.

Ademais, durante a guerra a factoría foi obrigada a fabricar, por suposto de balde, munición para o bando fascista e moitos traballadores tiveron que incorporarse nas filas de Franco. A economía familiar viuse moi afectada. O golpe mudouno todo. Manuela, a muller que axudaba coas tarefas, deixou a casa familiar. Non podían pagarlle e estaba aterrada pola presión falanxista. A señora Pepa vivía en vilo por medo a perder tamén o home e as fillas. Traballaba no taller de costura e, cando a actividade da fábrica llo permitía, vendía ferramentas polas feiras. Así que, cando marchou Manuela, foi Nita, a terceira das mulleres, a que asumiu a maioría das tarefas da casa. A súa nai cociñaba e Nita ocupábase doutras tarefas, como o lavado da roupa. Só unhas semanas atrás, a súa mestra no colexio Modelo, que se chamaba Luz, díxerlle que era moi boa estudante, que debía seguir potenciando as súas habilidades, que tiña que estudar como fixeran as súas irmás... pero tras o golpe Nita tivo que cambiar o lapis polo cepillo de fregar. Para quitar os piollos e o lixo das roupas que chegaban do cárcere, fervía auga e despois ía clarear ao río Gafos. Alí tiña que escoitar os insultos dos falanxistas, rapaces da súa idade, ou da idade das súas irmás, cos que ata agora convivían pero que de súpeto se volveran inimigos. Nita escoitaba os seus poucos insultos e a mágoa crecía cando vía persoas doutras familias, ás que a súa nai sempre axudara, mirar cara ao outro lado. A señora Pepa cociñaba moi ben e nunca aturara ver pasar fame a ninguén. Pero as familias ás que antes axudara, co medo ou coa ingratidade, non lembraban. Nita apenas podía co peso das cestas da roupa e ninguén lle botaba unha man. Só unha persoa: Antonio, un italiano



que tiña moita relación cos do Pino. Cada vez que vía a Nita deslombarse cos cestos da roupa, Antonio achegábase a ela e leváballos á casa.

A familia Dios tamén coñecía moita xente afín ao franquismo pero as relacións non sempre foron boas e ás veces vivíronse situacións tensas: Nun dos rexistros que fixeron na súa casa, Flora Dios Vázquez, a seguinte en idade a Nita, enfrontouse cun cívico, Alejandro de la Sota, que era da idade de Fina e fillo dunha amiga da señora Pepa. Flora non aturou velo rexistrando as súas cousas e increpouno: “Como te atreves a vir á miña casa?”. El contestoulle que estaban mirando se tiñan fusís. A tensión era continua. Un día, Tucha golpeaba o garda que tiña preso a Milucho. Outro, unha das súas irmás cruzábase na rúa cun dos homes que o levara e chamáballe asasino. E outro, unha das fillas da señora Pepa negábase a levar a obrigada bandeira española na solapa da chaqueta cando ían ás festas da Ruibal, e outra choraba, temerosa de que regresasen as represalias contra elas. “Queda unha mágoa dentro que non a botas fóra”. Nin sequera lles deixaron o dereito ao dó. Tras o asasinato de Milucho prohibíronlles vestir de negro e só gardaban loito por el dentro da casa. Cando saían vestían de claro pero, de portas para dentro, de negro pechado mesmo Raquel, a pequena dos once que cando asasinaron o seu irmán aínda non tiña un ano. Ata que pouco despois morreu a avoa paterna, Claudina, e a partir de aí, loito pechado dentro e fóra. Era precisamente a avoa Claudina a que adoitaba ir ao cárcere levarlle comida ao fillo e ás netas, xa que Josefa sufría vendo as súas fillas pechadas.

A familia quedou marcada para sempre e a presión mantívose durante anos. Tantos, que no ano 68 a filla maior de Fina presentouse a unhas oposicións, aprobounas e, cando foi incorporarse, non puido porque non lle daban o certificado de adhesión ao réxime. Máis de trinta anos despois da morte de Milucho, a familia Dios seguía marcada:

“Cando a miña nai o soubo, sentou nunha cadeira e quedou branca, pensar que aínda lle facían iso á súa filla...”.

*Mena Rey, filla de Fina Dios*

Finalmente, María Luisa entrou porque o Director Xeral de Seguridade era de Santa María e era amigo de Luís Rey, o home de Fina, desde a infancia. Se non é por iso, queda sen traballo, como lle pasara á súa nai e á súa tía. Tucha, que fixera as prácticas nunha escola de Vilagarcía, nunca volveu ás aulas. Fina, que o ano do golpe rematara os estudos de Maxisterio, exerceu por vez primeira con 63 anos, cando a democracia recoñeceu os dereitos a pensión dos cursillistas do 36, mestres depurados polo fascismo en base a criterios ideolóxicos.





Mantivo o rexeitamento ao réxime de Franco e á Igrexa durante toda a vida:

“A miña nai tiña aversión ao réxime. Non te deixaban cantar as cancións que cantabas no colexio. Nós fomos a un colexio de monxas aínda que ela era atea, atea... máis alá de atea. O meu pai non, o meu pai era moi relixioso, non sei como non toleamos... Fixemos a comunión pero a miña nai nunca oíu misa”.

Non era doado eludir a igrexa no franquismo, pero Fina foi resistente ás súas ideas, a pesar da obriga do silencio imposto:

“Tiven unha tristeza moi grande cando fixen a comunión porque a miña nai non veu comigo facela. Veu á igrexa pero non veu ao altar, veu comigo unha tía por parte de pai. Eu tiña sete anos e non o entendín. Chorei e non me atrevía a dicir porque choraba. Cando acabou a comunión eu estaba chorando e a miña nai preguntando que me pasaba. Á fin conteillo a miña tía, que era porque miña nai non viñera comigo facer comunión. Claro, eu entendía que non viñera porque non me quería. Logo a miña nai explicoume que non podía estar nas igrexas porque unha vez fora a un bautizo ou a unha voda e había moito incenso e mareouse. Eu crino inmediatamente. Mamá non podía ir á igrexa porque lle facía dano o incenso, aquí rematou a historia”.

Mena lamenta que a súa nai “tivera que aceptar toda a vida o que non lle gustou. Era moi intelixente e a pobre viviu unha época na que sempre tivo que estar dous pasos máis atrás”.

Non é que Fina non crese, ela tiña os seus santos, pero non comungaba cunha igrexa cómplice co réxime que tanto dano lle fixera á súa familia:

“Nós iamos todos os domingos á misa co meu pai, temos as fotos cos Ramos e sempre orfas de nai porque a miña nai, aínda que tiña os seus santos, non pisaba a igrexa. Era unha atea atípica. Máis anticlerical que atea. E nós cos ramos...”.

Os 52 netos da señora Pepa pouco lle escoitaron falar do sufrido naqueles tempos mais, na familia Dios, a memoria mantense con orgullo e dun xeito ou doutro, todos os seus fillos transmitiron ás xeracións seguintes o que pasara cando o golpe de estado fascista mudara para sempre as cousas na familia do Ferreiro do Pino.